


ACCESO AO LUGAR DA COMPETICIÓN



EXCLUSIVO
PARA CAZADORES FEDERADOS



MUTUASPORT

En Mutuasport, a mutua dos cazadores, dirixida exclusivamente POR e para os cazadores, sabemos cales son as túas necesidades, por iso ofrecémosche a mellor variedade de seguros de caza

- Seguro de R.C. do cazador
- Seguro de danos propios
- Seguro de R.C. dos cans
- Seguro de R.C. de competicións
- Seguro de R.C. de ganchos e monterías
- Seguro de R.C. para Tecores



Infórmate na túa sociedade,
nunha das oficinas da
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
ou na nosa web

www.federaciongalegadecaza.com



*"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"*

XVI
CAMPIONATO GALEGO
DE COMPAK SPORTING

Campo de Tiro "Rio Sar", Chaián - Trazo (A CORUÑA)

xuño
6-7
2015

Federación Galega de Caza

XUNTA DE GALICIA

DEPORTE GALEGO

MUTUASPORT

Sociedad Deportiva RIO SAR

CHAÍAN - VILOUCHADA - TRAZO

COMITÉ ORGANIZADOR

DON JAVIER NOGUEIRA DÍZ

Presidente Federación Galega de Caza

DON MANUEL SAA CASARIEGO

Presidente Federación Galega de Caza en A Coruña

DON JOSÉ LUIS SÁNCHEZ MANCEBO

Presidente Sociedade Deportiva "Río Sar"

DON RAMÓN RODRÍGUEZ COBAS

Secretario Xeral Federación Galega de Caza

DIRECTOR DE TIRO

DON JOSÉ A. PENA FERNÁNDEZ

Vocal Federación Galega de Caza

ÁRBITROS

Serán designados polo Comité de Xuíces e Árbitros da FGC

XURADO DE COMPETICIÓNS

Nomearase pola Federación Galega de Caza

SORTEO DE ESCUADRAS E DORSAIS

O sorteo de escuadras e dorsais realizarase o día 3 de Xuño ás 9:00 horas, na sede da Federación Galega de Caza en Santiago de Compostela.

REGULAMENTO

O campionato rexerase polo vixente regulamento da Federación Galega de Caza e normas complementarias da Federación Galega de Caza.
Segundo a normativa de Compak® Sporting e Percorridos de Caza, é obrigatorio o emprego de proteccións acústicas e ópticas para participantes e para xuíces.

PROGRAMA

6 de xuño de 2015

Adestramentos a partir das 11:00 h

7 de xuño de 2015

8:00 h – Concentración de participantes no campo de tiro.

8:30 h – Comezo da competición

CAMPO DE TIRO

O campionato disputarase no campo de Tiro denominado "Río Sar", sito en Chaían, Trazo (A Coruña) sobre 150 pratos, nas categorías de Sénior, Dona, Veterano, Súper - Veterano, Xuvenís e Handisport. De acordo co convenio para a realización desta competición, tódolos tiradores dispoñerán dun vale para a comida. Este vale é nominativo, persoal e intransferible. A Sociedade Deportiva Río Sar, pon a disposición dos acompañantes que o desexen vales para a comida.

INSCRICIÓNS

Participarán 66 tiradores oficiais: 18 por A Coruña, 16 por Lugo, 14 por Ourense e 17 por Pontevedra máis o campión do ano anterior.

As inscricións dos Seleccionados Provinciais realizaranse mediante a acta do Campionato Provincial, debendo obrar esta na sede da FGC antes do día 2 de xuño. Os participantes deben estar en posesión da tarxeta federativa autonómica da Federación Galega de Caza en vigor ou homologado pola FGC.

Por libre poderá participar calquera tirador federado que o desexe, debendo inscribirse na FGC antes do 2 de xuño. O pago da inscrición poderá realizarse no campo de tiro no momento da concentración (70€ Sénior e 50 € o resto das categorías). Os tiradores inscritos por libre terán dereito a premios, mentres que para a formación da Selección Galega unicamente poderán optar os membros das Seleccións Provinciais.